



Con motivo desta corrección, o prazo de presentación de proposicións comezará a contar a partires do seguinte día ao da publicación deste anuncio de corrección de errores no BOP de Ourense.

Ourense, 8 de marzo de 2018. O vicepresidente.
Asdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio de corrección de errores

Una vez advertido un error en la publicación en el BOP de Ourense del día 8 de marzo de 2018 de la convocatoria del procedimiento abierto para la contratación del servicio para la realización de videos en 3D con personajes reales en Aquis Querquennis y la Vía Nova a través del proyecto GERÉS-XURÉS dinámico. Proyecto cofinanciado al 75 % por el programa INTERREG V A ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020 (POCTEP) a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) de la Unión Europea, se procede a su corrección del siguiente modo:

Donde dice: las proposiciones se presentarán hasta las 14:00 horas del decimoquinto (15) día natural contado desde el siguiente al de la publicación del anuncio de licitación en el DOG, a través de la plataforma www.leal.gal, única y exclusivamente.

Debe decir: las proposiciones se presentarán hasta las 14:00 horas del decimoquinto (15) día natural contado desde el siguiente al de la publicación del anuncio de licitación en el BOP de Ourense, a través de la plataforma www.leal.gal, única y exclusivamente.

Con motivo de esta corrección, el plazo de presentación de proposicións comenzará a contar a partir del siguiente día al de la publicación de este anuncio de corrección de errores en el BOP de Ourense.

Ourense, 8 de marzo de 2018. El vicepresidente.
Fdo.: Rosendo Luís Fernández Fernández.

R. 813

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Conservación da Natureza
Expediente 10/2017

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, está a tramitar un expediente de segregación do monte vecinal en man común denominado "Comunal de Córcores", propiedade dos veciños de Córcores, e predios particulares, todo no Concello de Avión, do Tecor societario "Cousu- Avión" con matrícula OU-10.186.

Unha vez revisada a solicitude e tendo en conta o establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, este servizo publica este anuncio coa finalidade de que calquera persoa, física ou xurídica poida, no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, (BOP) examinar o expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Lugar de exposición do expediente: Servizo de Conservación da Natureza, rúa do Paseo, n.º 18, 5º andar.

A xefa territorial. Asdo.: Victoria Núñez López.

Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio

Jefatura Territorial Ourense

Servicio de Conservación de la Naturaleza

Expediente: 10/2017

La Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, a través del Servicio de Conservación de la Naturaleza de Ourense, está tramitando un expediente de segregación del monte vecinal en mano común denominado "Comunal de Córcores", propiedad de los vecinos de Córcores, y fincas particulares, todo en el Ayuntamiento de Avión del Tecor societario "Cousu-Avión" con matrícula OU-10.186.

Una vez revisada la solicitud y teniendo en cuenta lo establecido en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, este servicio publica el presente anuncio con la finalidad de que cualquier persona, física o jurídica pueda, en el plazo de un mes contado a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense (BOP), examinar el expediente y presentar las alegaciones que considere oportunas.

Lugar de exposición del expediente: Servicio de Conservación de la Naturaleza, calle de O Paseo, n.º 18, 5º piso.

A jefa territorial. Fdo.: Victoria Núñez López.

R. 664

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Avión

Anuncio

Logo de quedar aprobado definitivamente o Regulamento de réxime interior da Vivenda Comunitaria "Alvetus-1", ao non presentaren ningunha alegación ou reclamación durante o período de exposición pública contra o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello de Avión na súa sesión ordinaria realizada o día 17 de novembro de 2017, polo presente anuncio públicase o texto íntegro daquel:

Regulamento de réxime interior da vivenda comunitaria "Alvetus-1"

1. Obxecto

Este regulamento establece os principios de actuación, obxectivos e as normas da organización e funcionamento da vivenda comunitaria de persoas maiores do Concello de Avión, así como os prezos públicos polos servizos prestados.

1. Tipo de centro e titularidade

- Entidade da que depende: Concello de Avión.

- NIF: P3200500A

- N.º rexistro: VP-0664/0002

- Enderezo: Praza do Concello n.º 1 32520 Avión.

- Número de prazas: 12+1 enfermería.

- Localización: a Vivenda Comunitaria "Alvetus-1" está situada no Centro Integral de Servizos Sociais "Alvetus" no núcleo de poboación O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).



2. Concepto, finalidade, capacidade e obxectivos das vivendas comunitarias.

A vivenda comunitaria é un servizo público integrado na rede de servizos sociais, para a promoción da convivencia da poboación anciá, sen prexuízo de servir de apoio a prestación doutros servizos.

A vivenda comunitaria, defíñese como un equipamento de pequeno ou mediano tamaño destinado a albergar en réxime de convivencia case familiar a un número máximo de 12 persoas que, sendo autónomas ou tendo dependencia moderada do grao I, niveis 1 e 2, non presenten graves problemas de mobilidade.

A súa finalidade é manter ao/á ancián/á na súa contorna e no seu medio habitual de vida e satisfacer determinadas necesidades de convivencia do colectivo da terceira idade, ofrecendo un marco de participación na vida residencial e comunitaria.

Os obxectivos son os seguintes:

- Facilitar a residencia dos usuarios na súa contorna comunitaria habitual nas mellores condicións instrumentais e de habitabilidade posible, favorecendo os apoios que lles sexan precisos.

- Promover unha rede de integración que favoreza a convivencia e as relacións sociais de calidade, proporcionando unha sustentabilidade emocional, instrumental e social.

- Facilitar relacións solidarias e de axuda mutua entre as persoas residentes.

3. Adscrición administrativa. Tipo de xestión do servizo

A xestión da Vivenda Comunitaria Alvetus 1 correrá a cargo da Fundación Anduriña, por encomenda de xestión do Concello de Avión.

A Fundación Anduriña contará cos profesionais adecuados para prestar os servizos correspondentes da atención directa, con persoal propio, ou concertando os servizos necesarios con empresas persoais ou entidades de iniciativa social.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións e prestacións, serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración do voluntariado organizado para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra da vivenda comunitaria, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinadas e supervisadas polo/a coordinador/a, sen que en ningún caso exima ao persoal de atención directa da súa realización.

O/A director/a do Centro Integral de Servizos Sociais Alvetus coordinará a Vivenda Comunitaria Alvetus-1 xunto cos demais servizos do centro.

4. Características dos destinatarios

A Vivenda Comunitaria Alvetus-1 ten como persoas destinatarias a todas as persoas que sexan persoas autónomas na súa totalidade ou con unha dependencia moderada grao I e nivel 1 e 2, que non presente graves problemas de mobilidade.

5. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas beneficiarias todas aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 65 anos ou excepcionalmente menores de 65 anos, que por circunstancias persoais ou sociais con previo informe favorable do persoal técnico, onde se xustifique a necesidade do recurso.

- b) Estar empadroado no Concello de Avión e no caso de existiren prazas vacantes e que non sexan demandadas por veciños do municipio, poderán acceder a elas persoas doutros concellos, que no caso de concederse a praza, deberán empadroarse no Concello de Avión no momento de ocupar a súa praza e pasar polo tanto a residir na vivenda comunitaria.

- c) Non padecer circunstancias que requiran atención imprescindible nun centro hospitalario.

- d) Ter un bo estado de saúde físico e psíquico para poder realizar as actividades da vida diaria de maneira independente.

- e) Ter unha boa personalidade con aptitudes que favorezan unha convivencia estable.

- f) Non ter alteracións cognitivas que lle impidan a toma de decisións de xeito autónomo.

- g) Non padecer alteracións mentais ou perda de autocontrol predominante que poida perturbar gravemente a convivencia no centro e requira ser atendido nunha unidade especializada. No caso de persoas que poidan padecer algúna sintomatoloxía aditiva deberán, de cara a manter unha conducta axeitada e garantir os dereitos do resto das persoas usuarias, recibir un tratamento específico de desintoxicación por profesionais e/ou entidades especializadas.

- h) Ter problemas de convivencia e/ou habitabilidade que non poidan resolverse no medio familiar ou de calquera outro tipo, que con esta alternativa, se poida dar resposta a aquel, neste suposto non se terá en conta o apartado 1.

6. Tramitación e acceso

O usuario, familiar ou representante legal, dirixirse á dirección do centro solicitando a admisión na vivenda.

A dirección do centro requirirá a documentación e informes que estime oportuno para a valoración do usuario e a determinación da idoneidade do recurso.

Documentación de obrigada presentación:

- Informe médico actualizado, segundo o modelos establecido, do seu estado de físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar e, de ser o caso, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.

- Fotocopias do DNI.

- Fotocopias da tarxeta sanitaria.

- Certificado de empadroamento.

- Fotocopia de resolución da Valoración do grao e nivel de dependencia se a tivese.

- Fotocopia da Resolución do Plan Individual de Atención.

- Fotocopia do Certificado de Discapacidade se o tivese.

- De ser o caso, datos dos contactos familiares, ou persoas achegadas.

- Xustificante da poliza do seguro de decesos ou calquera outro seguro que tivese. No caso de non telo, é preciso o compromiso por escrito dos seus familiares ou achegados de facerse cargo dos gastos derivados do enterro.

- Información dos datos bancarios e autorización asinada para o cobramento dos servizos por parte dos responsables da Vivenda Comunitaria Alvetus 1.

- Autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal tanto do propio usuario como os do seu entorno familiar que serán tratados en un ficheiro de responsabilidade do centro, tal e como consta no contrato de servizos.

- Autorización para os trasladados aos centros hospitalarios no caso de urxencias médicas, tal e como consta no contrato de servizos.

- Aceptación, de ser o caso, da existencia dun circuito pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, cujas gravacións pasarán a formar parte do ficheiro de datos que son responsabilidade da Vivenda Comunitaria Alvetus 1.

- En canto ás pertenzas persoais, os/as usuarios/as achegarán á Vivenda Comunitaria Alvetus 1, para a súa permanencia nela, utensilios de aseo, roupa e calzado cómodo en bo estado e número suficiente.

- A roupa dos residentes deberá vir marcada cun número facilitado pola dirección da vivenda, no caso de ter que marcala na vivenda, terá un custe de 15 €.



- A persoa usuaria ou a súa familia será a responsable da achega e subministro da medicación que en ese momento deba estar tomando e que este prescrita polo facultativo correspondente.

En vista da documentación achegada, a traballadora social emitirá un informe e a dirección do vivenda emitirá unha resolución. No caso dunha resolución positiva, e habendo unha praza dispoñible, comunicárselle ao solicitante a súa admisión, e unha vez ingresado o/a usuario/a na vivenda, dará comezo o seu período de adaptación dun mes.

No momento do ingreso no centro, entre o usuario/a e o responsable da vivenda comunitaria, formalizarase un contrato que regulará todos os aspectos da relación, dende o seu ingreso ata a baixa. Unha copia do contrato asinado quedarán en posesión do usuario/a e a outra no expediente individual.

O/a responsable da vivenda entregarálle o Regulamento de réxime interior para a lectura e aceptación do/a usuario/a, deixándose constancia da entrega e a súa data.

A vivenda dispón dunha póliza de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións aos/as usuarios/as e sinistros do edificio. A dita póliza poderá ser requerida polos usuarios/as ou familiares para o seu coñecemento.

A vivenda dispón dun libro de rexistro de usuarios. Na mesma data de formalización do ingreso farase constar a identidade do usuario/a e data de o seu ingreso, así como a data e motivo de baixa e de expedientes individualizados debidamente custodiados.

A vivenda comunitaria dispón dun libro de reclamacións, dilienciado pola unidade administrativa competente en materia de inspección de centros de servizos sociais da Xunta de Galicia, a disposición dos usuarios. No suposto de efectuarse algúna reclamación, daráselle copia da mesma ao reclamante e remitiráselle unha 2ª copia á Xunta de Galicia.

A vivenda comunitaria conta cun circuito pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, quedando gravada a actividade da vivenda comunitaria. De ser o caso, os usuarios e/ou as súas familias serán debidamente informados pola dirección do Centro e deberán consentir que os datos sexan gravados, tratados no ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, e eliminados pasados un mes da súa gravación.

Todos os datos persoais dos usuarios que sexan facilitados á vivenda, así como os que se xeren na intervención coas persoas usuarias, serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal en vigor.

Así mesmo, os usuarios e as súas familias terán a súa disposición un caixa de correos de suxeccións.

7. Servizos que oferta

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa.
- Lavado de roupa, limpeza, e o apoio preciso para a realización das actividades da vida cotiá segundo as necesidades particulares (aseo, cuidados, administración de medicamentos,...).
- Así mesmo a vivenda dispón de ascensor, teléfono, calefacción, sala de estar, e habitacións dobles e individuais, todas con baño.
- Compartirá a cociña, comedor, sala de curas e lavandería co resto dos servizos do Centro Integral Alvetus.

8. Habitacións

- A vivenda consta de 7 habitacións (2 individuais e 5 dobles), todas con baño incorporado.
- A dirección da vivenda ocúpase do decorado das habitacións sen prexuízo de que cada usuario/a poida traer aqueles obxectos de carácter sentimental que considere oportunos. En ningún

momento a dirección da vivenda se fará responsable dos obxectos de valor que teñan nas súas dependencias.

- Non se poden acender velas, estufas, pranchas ou calquera aparello que poida ocasionar risco de incendio.

- Non se pode cocinar, nin quentar alimentos, nos cuartos.

- Non se permite lavar ou colgar roupa nas habitacións ou nas ventás, xa que a vivenda dispón dun servizo de lavandería.

- Prohibese almacenar alimentos perecedoiros, alcohol e medicamentos nas habitacións.

9. Normas de convivencia

O ingreso na vivenda terá un período de adaptación dun mes. Durante este período resolversen os conflitos xurdidos tanto pola falta de adaptación, aceptación de normas, convivencia, etc. Se pasado este período a persoa non é capaz de aceptar e respectar as normas seralle comunicado o abandono da mesma por ben dela e de todas as persoas da vivenda.

A Vivenda Comunitaria Alvetus 1 pretende crear un ambiente propicio que facilite o benestar físico, psíquico e relacional entre as persoas residentes e traballadoras. Para iso é necesario unha correcta organización e unha serie de normas de convivencia, que a continuación se detallan:

- As persoas usuarias deberán ser coidadas coas instalacións da vivenda comunitaria.

- As persoas da vivenda deberán observar boa conduta moral e as leis más elementais que a convivencia exixe.

- Evitarase todo aquilo que moleste aos demais, que perturbe a paz ou tranquilidade da vivenda.

- As diferenzas entre os usuarios ou co persoal da vivenda comunitaria non deben resolverse con liortas, berros ou peleñas. Estes poderán acudir ao profesional máis próximo para intentar resolver os problemas que poidan aparecer entre eles. Toda infracción e este respecto obrigará a unha seria advertencia verbal ou escrita se fora necesario. A terceira reincidencia neste aspecto suporá a baixa do usuario do servizo contratado.

- Deberán respectarse os horarios establecidos para cada actividad.

- Prohibese fumar dentro da vivenda.

- En beneficio de todos esíxese o coidado por parte de todos/as dos útiles ao seu servizo: mobiliario, economizar a auga, electricidade, etc...

- Está totalmente prohibido entregar propinas, regalos, etc., ao persoal da vivenda.

- Os dormitorios serán asignados pola persoa responsable da vivenda comunitaria, podendo cambiar de dormitorio aos residentes por motivos debidamente xustificados e previo aviso.

- Os usuarios serán respectuosos co descanso dos demais.

- Nos está permitido ter alimentos perecedoiros ou bebidas alcohólicas nas habitacións dos residentes.

- So se servirán comidas nas habitacións en caso de forza maior, ou porque a persoa responsable da vivenda comunitaria así o estime oportuno.

- Por razóns de seguranza non está permitido utilizar aparellos eléctricos non autorizados pola persoa responsable da vivenda comunitaria.

- No caso de incendio os usuarios avisarán de inmediato ao persoal ou poderán utilizar os calcadores que se atopan repartidos pola vivenda comunitaria para dar o sinal de alarma. Se chegase a ocorrer un sinistro, o persoal daralles as instrucións de actuación necesarias aos usuarios.

- De ser o caso, a capacidade dos ascensores é limitada. O seu uso cunha carga superior á indicada na cabina supón un serio risco e pode provocar avarías.

- Tanto por hixiene e salubridade, como por respecto aos demais, é imprescindible gardar as más elementais normas de



aseo persoal. A saúde de todos merece un comportamento claro e estrito ao respecto.

- A vivenda comunitaria non se fai responsable dos obxectos de valor, pertenzas ou diñeiro propiedade dos usuarios que non lle sexan confinados para a súa custodia. Recomendámossalles a aqueles que tomen as medidas oportunas para ter no centro o estritamente necesario.

- Pola seguridade dos usuarios non se permitirá a entrada de persoas que non acreden ningún tipo de relación coa vivenda comunitaria ou coas persoas residentes.

Estas normas de convivencia interpretaranse e adaptaranse, en cada caso, en función das capacidades das persoas usuarias segundo a súa situación de dependencia.

10. Obrigas para coa vivenda

A cada persoa estimularáselle na participación de traballos comuns, aseo e coidado das habitacións, faenas da casa, coidado do xardín, etc., mentres nada llo impida e sempre que o deseñe.

- Hixiene: esixirase das persoas que estean vivindo na casa as máximas normas de hixiene, tanto na súa persoa como no seu vestiario.

- Seguridade: está estritamente prohibido fumar en todo o centro.

Non está permitido entrar na sala de caldeiras e nas estancias sinaladas co cartel de "privado". Non está permitido utilizar aparellos eléctricos non autorizados pola persoa responsable da vivenda comunitaria.

- Comidas: o almorzo, o xantar e a cea, serán servidas no comedor do centro integral de servizos sociais "Alvetus" ás horas establecidas:

- Almorzo: 9.30 h.
- Xantar: 13.30 h.
- Merenda: 17.00 h.
- Cea: 20.00 h.

Os horarios serán os establecidos pola persoa responsable da vivenda, procurando ter en conta, de ser posible, os costumes e preferencias das persoas usuarias.

Os horarios deberanse cumplir coa maior rigorosidade co obxecto de evitar trastornos no servizo. Se por calquera circunstancia especial prevé a imposibilidade de observalos, deberá comunicalo coa debida antelación.

Os/as usuarios/as que non desexen fazer uso do servizo de comedor notificarano cun día de antelación como mínimo.

Non está permitido introducir ou sacar alimentos do comedor, nin utensilios deste, tales como garfos, vasos, panos de mesa, etc.

Non se permite a alteración da orde no comedor. Se lle xorde algún problema, diríxase á persoa do centro.

Por ningún motivo, excepto no caso de enfermidade, se servirá a comida nas habitacións.

Salvo prescripción médica, será igual a comida para todos os usuarios.

- Roupa: os familiares preocuparanse de que as persoas, ao ingresar na vivenda, teñan a suficiente roupa para cambiarse.

O persoal da vivenda encargarase do lavado e repaso da roupa.

A roupa ten que estar marcada perfectamente; en caso contrario o persoal encargarase de marcala, pero cun custo adicional.

- Visitas e saídas: horario de visitas: tendo en conta que hai que respectar os horarios do almorzo, xantar e cea, poderán recibir visitas todos os días das 10-13 horas e das 15-19 horas. Cando se atopen gravemente enfermos, e coa autorización correspondente da dirección, poderán estar acompañados, por unha soa persoa.

A Vivenda Comunitaria "Alvetus-1" ten un carácter aberto, polo que os usuarios poden realizar saídas ao exterior cando o consideren oportuno. Estas saídas, sempre e cando non sexan organizadas polo propio centro, serán de exclusiva responsabilidade do usuario/a.

No caso de que o/a usuario/a non estea plenamente capacitado para a toma de decisións será a persoa a cargo da que se atope quen autorice as saídas.

Prohibese traer alimentos e bebidas alcohólicas.

- Enfermidade: no caso de enfermidade utilizaranse os medios normais que a Seguridade Social ou outras compañías de asistencia sanitaria teñen para os seus asegurados. Existe un protocolo no caso de urxencias, o usuario irá acompañado por un familiar, no caso de non se facer cargo, estará acompañado polo persoal que designe a dirección do centro pero esta medida terá un custo de 100 € para o usuario.

As visitas médicas e desprazamentos médicos fóra da vivenda comunitaria, no caso de que o familiar non o acompañe, terá un custo para o usuario de 50 euros a Ourense e de 25 euros a Ribadavia.

No caso de ingreso nun centro sanitario os/as responsables da vivenda comprométense a avisar aos familiares ou persoa designada para o efecto, da maneira máis rápida ao seu alcance, para que se fagan cargo da persoa ingresada ata o novo ingreso na vivenda, se fose o caso.

11. Perda da condición de usuario ou beneficiario

Os usuarios do centro perderán a súa condición por algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria do usuario ou do representante legal, comunicada con 15 días de antelación. No caso contrario, ao facer a liquidación a vivenda poderá cobrar ata un máximo de 30 días como compensación.

2. Ingreso con carácter definitivo noutro centro residencial.

3. Ausencia por un período superior a 30 días naturais sen causa debidamente xustificada.

4. Ocultación e falseamento de datos.

5. Falecemento do usuario.

6. Falta de colaboración do usuario no desenvolvemento das prestacións do centro, trato desaxeitado do usuario co persoal e cos outros usuarios.

7. Incumprimento das normas de funcionamento do centro.

8. Falta de pagamento das cotas.

9. Incapacidade sobrevida.

10. Por padecer doença infecto-contaxiosa ou dependencia, física ou psíquica, que impida a súa atención e coidados na vivenda.

A perda da condición de usuario-beneficiario do servizo polas causas 3^a, 4^a, 6^a, 7^a e 8^a, requirirá a tramitación do correspondente procedemento, a resolución da cal lle corresponde á dirección do centro, procedemento no que deberá oírse ao beneficiario ou ao seu representante legal, no prazo de dez días hábiles, co fin de que expoña o que conveña aos seus intereses.

Así mesmo, durante a tramitación do procedemento poderase adoptar a medida cautelar de suspensión provisional da condición de beneficiario se a súa permanencia no centro dera lugar a unha grave perturbación do servizo ou orixinara risco grave para o persoal ou para os demais usuarios.

Respecto a causa 7^a, o beneficiario perderá automaticamente a súa condición de usuario na 3^a chamada de atención recibida, tendo dereito a recurso no prazo máximo de 10 días hábiles.

Respecto a causa 8^a, o beneficiario perderá automaticamente a súa condición de usuario na primeira falta de pagamento.



No caso de falecemento do/a residente, esta circunstancia serálle notificada aos familiares ou representantes legais, axudando a vivenda nas xestións médicas e nos trámites para o seu traslado a onde corresponda. No caso do falecemento do/a residente sen ningún familiar ou no caso de non poder localizalo, e sen seguro de defunción, a vivenda ofrecerá un enterro digno. Os gastos ocasionados poderán cargar na conta na que se cargaban os recibos mensuais. En todo caso, a vivenda reservase o dereito de reclamar as ditas cantidades a quen proceda.

Serán os familiares ou titores, os que se fagan cargo dos aparellos e pertenzas do falecido/a; no caso contrario, a dirección da vivenda gardará as pertenzas durante un máximo de 7 días; se transcorrido ese tempo ningún familiar as reclama, a dirección disporá delas da forma máis axeitada.

No caso de incapacidade sobrevida, os responsables do centro poñerán en coñecemento da autoridade xudicial.

No momento no que o/a usuario/a do servizo pase a atoparse en situación de dependencia grao II, nivel 1 e 2, ou grao III, a traballadora social do Concello de Avión apoiará ao usuario ou familiar para buscar outro recurso adecuado ás súas necesidades persoais. En todo caso, o servizo de vivenda comunitaria será o responsable da persoa na que concorren estas circunstancias especiais de invalidez temporal ou permanente, que a fagan merecente dun servizo especializado, mentres non se consiga praza noutro centro especializado.

12. Aspecto económico

Os usuarios da Vivenda Comunitaria Alvetus-1 contribuirán ao financiamento do servizo da estancia, segundo a ordenanza municipal de taxas que se aprobe para tal efecto.

A vivenda poderá facilitarlle ao usuario servizos de carácter complementario, como, perruquería, transporte, cafetería e outros que se poidan concertar. Estes servizos serán de pagamento individualizado segundo o seu uso e consumo, sen estar incluídos no prezo fixado para a praza, de acordo co anteriormente especificado.

A mensualidade aboarase por adiantado durante os cinco primeiros días do mes en curso, a través dun recibo domiciliado ou excepcionalmente ao contado.

No caso de que o ingreso se efectúe na 2ª quincena do mes, cobraríase media mensualidade e en calquera estancia que sexa igual ou inferior a quince días.

As persoas usuarias terán dereito a reserva de praza durante os períodos de ausencia da Vivenda Comunitaria Alvetus-1 nas seguintes situacións:

- O pagamento da cota realizarase pola totalidade da praza en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias, e que non poderán ter unha duración superior a 42 días.
- Transcorrido o dito prazo dará lugar á extinción do contrato con esta entidade.
- Estas ausencias deberán comunicárselle cunha antelación mínima de 5 días á dirección do centro.
- Se as ausencias tiveran a consideración de forzosas, sempre e cando estean acreditadas documentalmente (ingreso en centro sanitario, enfermidade, forza maior etc...), a contía reducirase o 40% do prezo que mensualmente lle corresponda, a partir do 5º día de ausencia.

O falecemento da persoa usuaria será causa de extinción automática do contrato coa vivenda. Nesta caso facturaranse os días de asistencia ao centro ata o seu falecemento coas excepcións sinaladas nos parágrafos anteriores.

Todas as persoas da vivenda recibirán unha factura ou recibo unha vez efectuado o pagamento, se así o solicitan.

Será necesario o pagamento dunha fianza no caso de reserva de praza, dun 25% do custo desta.

13. Dereitos e obrigas dos usuarios

14.1 Dereitos

1. A acceder á vivenda comunitaria e recibir un trato sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo coma dos demais usuarios.

3. Ao sixilo profesional acerca dos datos de seu historial sanitario e social.

4. A realizar saídas ao exterior.

5. A manter relacóns interpersoais, incluíndo o dereito a recibir visitas.

6. A intimidade persoal en función das condicións estruturais da vivenda e á protección da propia imaxe.

7. A presentarlle suxestións ao responsable da vivenda comunitaria con propostas de melloras de servizos e actividades

8. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

9. A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por vontade propia.

10. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

11. A recibir unha información clara e completa sobre a organización da vivenda comunitaria, as súas condicións e as súas normativas e toda a información que sexa relevante para a súa estancia nela, e tamén a ser informado de calquera cambio que poida orixinarse na dinámica de funcionamento da vivenda comunitaria e que lle afecte.

12. A coñecer, en todo momento, o prezo dos servizos e as súas modificacións esenciais na prestación destes.

13. A coñecer aos profesionais da vivenda comunitaria e a coñecer a quen pode dirixir as súas preguntas ou solicitar as informacóns sobre as cuestións relacionadas coa vivenda e a súa organización, e a ser recibido en horarios convenientes para ambas as dúas partes.

14.2 Obrigas

1. Achegar toda a documentación e/ou aparellos solicitados pola vivenda comunitaria.

2. Cumprir as normas sobre utilización do centro ou servizo establecida no regulamento de réxime interior.

3. Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración e hixiene, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

4. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñer un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, serve para mellorar a súa autonomía persoal e participación na vida da vivenda comunitaria, de acordo co disposto no presente regulamento de réxime interior.

5. Cumprir os acordos e instrucións emanados da persoa responsable da vivenda comunitaria.

6. Utilizar as instalacións axeitadamente, conforme as normas do seu uso.

7. Colaborar ao máximo no cumprimento das normas internas da vivenda comunitaria, e respectar as condicións do ingreso, estancia e saída do Centro, recollidas neste regulamento.

8. Aboar as tarifas correspondentes pola prestación de servizos, en función da liquidación notificada no tempo indicado neste regulamento.

9. As persoas que, de ser o caso, poidan padecer algúna sintomatoloxía aditiva deberán, de cara a manter unha conduta axeitada e garantir os dereitos do resto das persoas usuarias,



recibir un tratamiento específico de desintoxicación por profesionais e/ou entidades especializadas.

14. Acceso dos familiares ao centro

Os usuarios poderán recibir visitas na vivenda baixo as seguintes indicacións:

- Soamente poderán acceder á vivenda comunitaria os familiares e/ou achegados das persoas residentes.
- Recoméndase o anuncio previo destes accesos.
- Evitaranse as visitas en horario de comedor, limpeza e actividades.
- En todo momento, as visitas actuarán conforme as indicacións dos profesionais da vivenda comunitaria.
- As visitas respectarán as instalacións da vivenda comunitaria, facéndose responsables dos posibles estragos que poidan causar.

O presente Regulamento entrará en vigor aos 15 días hábiles seguintes ao da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Publícase isto para xeral coñecemento.

Avión, 20 de febreiro de 2018. O alcalde.

Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Anuncio

Habiendo quedado aprobado definitivamente el Reglamento de Régimen Interior de la Vivienda Comunitaria "Alvetus-1", al no presentarse alegación o reclamación alguna durante el periodo de exposición pública contra el acuerdo de aprobación provisional, adoptado por el Pleno de este Ayuntamiento de Avión en su sesión ordinaria celebrada el día 17 de noviembre de 2017, por el presente se publica el texto íntegro de este:

Reglamento de Régimen Interior de la Vivienda Comunitaria "Alvetus-1"

1. Objeto

Este reglamento establece los principios de actuación, objetivos y las normas de la organización y funcionamiento de la Vivienda Comunitaria de personas mayores del Ayuntamiento de Avión, así como los precios públicos por los servicios prestados.

1. Tipo de centro y titularidad

- *Entidad de la que depende: Ayuntamiento de Avión.*

- *NIF: P3200500A*

- *N.º Registro: VP-0664/0002*

- *Dirección: Plaza del Ayuntamiento n.º 1 32520 Avión.*

- *Número de plazas: 12+1 enfermería.*

- Localización: la Vivienda Comunitaria "Alvetus-1" está situada en el Centro Integral de Servicios Sociales "Alvetus" en el núcleo de población O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).

2. Concepto, finalidad, capacidad y objetivos de las viviendas comunitarias

La Vivienda Comunitaria es un servicio público integrado en la red de servicios sociales, para la promoción de la convivencia de la población anciana, sin prejuicio de servir de apoyo a la prestación de otros servicios.

La Vivienda Comunitaria se define como un equipamiento de pequeño o mediano tamaño destinado a albergar en régimen de convivencia casi familiar a un número máximo de 12 personas que, siendo autónomas o teniendo dependencia moderada del grado I, niveles 1 y 2, no presenten graves problemas de movilidad.

Su finalidad es mantener al anciano en su contorno y en su medio habitual de vida y satisfacer determinadas necesidades de convivencia del colectivo da tercera edad, ofreciendo un marco de participación en la vida residencial y comunitaria.

Los objetivos son los siguientes:

- Facilitar la residencia de los usuarios en su entorno comunitario habitual en las mejores condiciones instrumentales y de habitabilidad posible, favoreciendo los apoyos que les sean necesarios.

- Promover una red de integración que favorezca la convivencia y las relaciones sociales de calidad, proporcionando una sustentabilidad emocional, instrumental y social.

- Facilitar relaciones solidarias y de ayuda mutua entre las personas residentes.

3. Adscripción administrativa. Tipo de gestión del servicio

La gestión de la Vivienda Comunitaria Alvetus 1 correrá a cargo de la Fundación Anduriña, por encomienda de gestión del Ayuntamiento de Avión.

La Fundación Anduriña contará con los profesionales adecuados para prestar los servicios correspondientes da atención directa, con personal propio, o concertando los servicios necesarios con empresas personales o entidades de iniciativa social.

Las actividades y tareas necesarias para el desarrollo de las atenciones y prestaciones, serán siempre prestadas por personal cualificado, y podrá contar con la colaboración del voluntariado organizado para el desarrollo de tareas complementarias en actividades dirigidas a la ocupación del ocio, acompañamiento dentro y fuera de la Vivienda Comunitaria, y otras, siempre con una intervención programada, coordinadas y supervisadas por el/la coordinador/a, sin que en ningún caso exima al personal de atención directa de su realización.

El/La director/a del Centro Integral de Servicios Sociales Alvetus coordinará la Vivienda Comunitaria Alvetus-1 junto con los demás servicios del centro.

4. Características de los destinatarios

La Vivienda Comunitaria Alvetus-1 tiene como personas destinatarias a todas las personas que sean personas autónomas en su totalidad o con una dependencia moderada grado I y nivel 1 y 2, que no presenten graves problemas de movilidad.

5. Requisitos de acceso de las personas usuarias

Podrán ser personas beneficiarias todas aquellas que reúnan los siguientes requisitos:

a) Tener cumplidos 65 años o excepcionalmente menores de 65 años, por circunstancias personales o sociales con previo informe favorable del personal técnico, donde se justifique la necesidad del recurso.

b) Estar empadronado en el Ayuntamiento de Avión y en el caso de existir plazas vacantes y que no sean demandadas por vecinos del municipio, podrán acceder a ellas personas de otros ayuntamientos, que en el caso de concederse la plaza, deberán empadronarse en el Ayuntamiento de Avión, en el momento de ocupar la plaza y pasar por lo tanto a residir en la Vivienda Comunitaria.

c) No padecer circunstancias que requieran atención imprescindible en un centro hospitalario.

d) Tener un buen estado de salud físico y psíquico para poder realizar las actividades de la vida diaria de manera independiente.

e) Tener una buena personalidad con aptitudes que favorezcan una convivencia estable.

f) No tener alteraciones cognitivas que le impidan la toma de decisiones de manera autónoma.

g) No padecer alteraciones mentales o pérdida de autocontrol predominante que pueda perturbar gravemente la convivencia en el centro y que requiera ser atendido en una unidad especializada. En el caso de personas que puedan padecer alguna sintomatología adictiva deberán, de cara a mantener una conducta adecuada y garantizar los derechos del resto de las per-